- Actualidade: Nesta sección pódese acceder a todos os eventos e noticias xeradas polo propio Observatorio recollidas tanto no Diario da UVigo (DUVI) e canal UVigo TV así como nos medios de comunicación.

4) <http://observatorio.egresados.webs.uvigo.es>

- A Web tamén incorpora a posibilidade de se adherir á Rede de Persoas Tituladas do Observatorio através da rede social de perfil profesional máis importante (LinkedIn).

Durante a reunión tripartita tamén se formulou a posibilidade de realizar, no curso 2019/20, un primeiro encontro/xornadas dirixido ás persoas tituladas da UVigo.

# ESTRUTURA DO ESTUDO

En primeiro lugar, tanto na Introducción como na Xustificación deste traballo, son expostos os principais motivos e antecedentes sobre a necesidade da súa realización por parte do Observatorio de Persoas Tituladas da Universidade de Vigo.

A primeira parte do estudo remarca o obxectivo principal e os específicos que o completan. Logo a seguir, na segunda parte é descrita a Metodoloxía utilizada que contén toda a información sobre a operativa implementada neste traballo. Nesta parte é abordado principalmente o tratamento e procesamento dos datos obtidos de cara á consecución de conclusións. A terceira parte mostra os resultados globais dos aspectos abordados neste estudo, sendo analizados a partir de cadros e múltiples notas de rodapé nos que se realiza unha avaliación detallada das respostas sintetizadas. A parte cuarta analiza máis concretamente os resultados globais obtidos polas temáticas/materias comúns a varias titulacións.

Finalmente, a quinta parte deste volume recolle, en forma de resumo executivo, as principais conclusións que se poden tirar deste estudo.



PARTE



# Obxectivos

## 1. Obxectivo principal

O obxectivo principal deste estudo consiste en determinar as necesidades formativas complementarias de especializaci3n profesional demandadas polas persoas tituladas da Universidade de Vigo entre os cursos 1989/90 e 2014/15 despois de se teren inserido no mercado de traballo, ben como coñecer as materias susceptibéis de transmisi3n docente en que est3n especializadas profesionalmente.

## 2. Obxectivos específcos

- Identificar de modo directo as materias/tem3ticas que as persoas tituladas consideran que a UVigo deber3a ofertar para satisfacer as s3as necesidades de especializaci3n profesional.
- Determinar a especializaci3n profesional do antigo alumnado da UVigo.
- Coñecer a evoluci3n experimentada ao longo das diferentes promoci3ns das necesidades formativas necesarias para a inserci3n laboral e da especializaci3n profesional.
- Avaliar as diferenzas existentes entre as demandas de formaci3n adicional e a especializaci3n profesional en funci3n do x3nero das persoas tituladas.
- A integraci3n da informaci3n no Sistema de Xesti3n de Base de Datos do Observatorio de Persoas Tituladas da UVigo permitir3 o establecemento de v3as de colaboraci3n entre os antigos estudantes e a UVigo atrav3s da s3a participaci3n en cursos, conferencias e/ou seminarios.





PARTE



# METODOLOXÍA

## 1. Procedemento

Este estudo aborda a análise dos resultados de dúas preguntas abertas da macro enquisa aplicada polo Observatorio de Persoas Tituladas ás promoci3ns comprendidas entre os cursos 1989/90 e 2014/15, que non foran incorporados na redacci3n final do Estudo sobre a situaci3n profesional das persoas tituladas da Universidade de Vigo (1990-2015).

É por isto que aspectos t3cnicos como a elaboraci3n do cuestionario, a definici3n da poboaci3n, o procesado inicial das listas de titulados/as, o envío do cuestionario, recolla e procesamento de datos ou a ficha t3cnica xa foron desenvolvidos e aparecen recollidos no apartado hom3logo de dito estudo. No Anexo 1 reproducese a Ficha T3cnica da enquisa aplicada.

## 2. Estrutura do cuestionario

No tocante á estrutura do cuestionario, os aspectos abordados neste estudo est3n definidos nos apartados 2.3 e 2.4 da metodoloxía do Estudo sobre a situaci3n profesional das persoas tituladas da Universidade de Vigo (1990-2015):

- Necesidades formativas de especializaci3n profesional: Este bloque, conformado a partir dunha pregunta formulada en modo aberto, tiña como finalidade coñecer as necesidades formativas das persoas tituladas. Para iso solicitouse que indicasen as materias/tem3ticas (at3 un m3ximo de catro) nas que a UVigo debería ofertar unha mellor ou m3is ampla formaci3n para satisfacer as s3as necesidades de especializaci3n profesional.
- Materias susceptíbeis de transmisi3n (especializaci3n profesional): Este apartado recolle, por orde de importancia e at3 un m3ximo de catro<sup>5</sup>, as materias nas que podería ser útil a transmisi3n da experiencia profesional das persoas tituladas. A resposta a esta pregunta estaba ligada a unha outra dicot3mica en que se trataba de comprobar a predisposici3n do antigo alumnado para manter un contacto futuro coa Universidade de Vigo.

5) Esta circunstancia é o motivo de que a suma das materias/tem3ticas das diferentes titulaci3ns (desenvolvida na Parte III do libro e Anexo 3 e seguintes) supere o 100%.

Ambos ítems formuláronse en modo aberto; isto é, dando a posibilidade de as persoas inquiridas poderen transmitir libremente e sen limitacións os contidos asociados ás materias ou ámbitos específicos sobre os aspectos relacionados con estas preguntas da enquisa aplicada.

### 3. Procesamento de datos

As respostas recollidas foron revisadas para traducilas en indicacións cifradas que facilitasen as clasificacións e posterior tratamento informático.

Como indicado, o cuestionario aplicado incluíu dúas preguntas nas que, de forma aberta, cada persoa titulada podía indicar as materias/temáticas nas que achaba que a UVigo debía ofertar formación para satisfacer as súas necesidades de especialización profesional, ben como aquelas materias nas que podería ser útil a transmisión da súa experiencia profesional.

Para abordar a realización dun proceso que conducise a uns resultados que permitisen unha comparación entre titulacións, por ámbitos académicos, xénero e evolución temporal, optouse por sintetizar e recodificar as respostas recibidas, sen que iso acarretase ningunha perda na escolla que cada unha das persoas inquiridas quixo plasmar.

O procesamento dos datos recompilados no cuestionario tivo a dificultade extrema de que se partía de opinións expostas con diferentes formas de redacción, idioma, sintaxe ou mesmo metodoloxía narrativa. Unificalas foi tarefa difícil e talvez non se teña conseguido na súa plenitude. Por iso, o lector/a poderá observar que non todas as materias/temáticas incluídas tanto nas necesidades formativas como na especialización profesional se corresponden estrita e necesariamente coas áreas de coñecemento existentes, co nomenclátor das diferentes materias que conforman os planos de estudo das diferentes titulacións ou cos campos de aplicación establecidos. Así sendo, a redacción deses aspectos incluídos neste estudo tentouse adaptar o máis fidedignamente posíbel ás ideas expostas polos inquiridos nas súas respostas.

### 4. Titulacións

Aínda que o estudo 71.487 persoas tituladas da Universidade de Vigo (1990–2015). Evolución da oferta académica concluíu a existencia, no curso 2014/15, de 112 titulacións oficiais impartidas na UVigo<sup>6</sup>, as titulacións incluídas neste informe ascenden a 100.

Esta diferenza é debida á existencia dunha única titulación, o Grao en Tradución e Interpretación (Galego-Francés), da que carecemos de mostra representativa na macro enquisa aplicada. A esta

6) Nese curso existían académicamente un total de 112 titulacións, como resultado das 151 que se iniciaran menos as 39 que se extinguiron totalmente no período avaliado dos primeiros vinte e cinco anos de historia da UVigo.

circunstancia cabe acrecentar tamén a exclusión, a efectos deste estudo, dos seis primeiros ciclos que se impartían no momento da posta en marcha da UVigo (licenciaturas en Farmacia, Filoloxía Románica, Filoloxía Xermánica, Pedagogía, Psicoloxía e Xeografía e Historia), pois as persoas tituladas obtiveron a súa licenciatura noutras universidades onde completaron os segundos ciclos. Tamén foron excluídos deste estudo os títulos propios<sup>7</sup> (Sénior, Ciencia e Tecnoloxía Ambiental, Deseño Téxtil e Moda, Información Técnica do Medicamento, Ciencias Policiais e Detective Privado).

Polos mesmos motivos, tamén non foron incorporados no alcance deste estudo os 102 títulos de mestrado que se foron impartindo ao longo deste período<sup>8</sup>, pois a mostra obtida<sup>9</sup> para cada un deles non era abondo representativa para realizar unha análise que permitise obter conclusións.

De resto, como referido no *Estudo sobre a situación profesional das persoas tituladas da Universidade de Vigo (1990-2015)*, o perfil das persoas tituladas en mestrados universitarios responde ao de persoas que realizaron mestrados da UVigo que previamente completaran titulacións noutras universidades. Esta circunstancia comporta un perfil académico moito variado para as mostras obtidas en cada mestrado, o que dificulta proceder a unha análise como a proposta neste estudo. Por exemplo, un dos mestrados no que se obtivo unha mostra máis representativa, o Mestrado Universitario en Tecnoloxías para a Protección do Patrimonio Cultural Inmóbel, presenta unha procedencia de titulados/as moito desigual<sup>10</sup> que impide establecer conclusións.

## 5. Estratificación

A análise incluída no presente estudo recolle os resultados das respostas obtidas en función das seguintes variábeis de segmentación: titulación obtida, ámbito académico<sup>11</sup>, xénero e evolución temporal (quinquenal<sup>12</sup>).

O Anexo 2 recolle a distribución das titulacións por ámbito académico ou rama de coñecemento.

7) Graduados Universitarios, Graduados Superiores e Titulados Superiores.

8) No curso 2014/15 na UVigo impartíanse un total de 52 mestrados como resultado de 102 que se iniciaron e dos 50 que se foron extinguindo no período avaliado.

9) Na macro enquisa realizada obtívose unha mostra de 88 mestrados impartidos pola UVigo, representando un 6,2% das respostas obtidas.

10) Mostra composta por persoas tituladas na Licenciatura en Historia da Universidade de Santiago de Compostela (21%), en Arquitectura da Universidade da Coruña (29%) ou na Diplomatura en Conservación e Restauración de Bens Culturais (29%).

11) A clasificación das titulacións por ramas de coñecemento realizouse segundo os criterios establecidos polo Ministerio de Educación e Ciencia (MEC) no art. 12.4 do Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.

12) O primeiro quinquenio abrangue as persoas tituladas entre os anos 1990-95, entre 1996-2000 o segundo, 2001-05 o terceiro, 2006-10 o cuarto e entre 2011-15 o quinto.

## 6. Categorización das respostas obtidas

Como indicado no apartado anterior, o tratamento e procesamento dos datos foi unha tarefa complexa, pois exixiu un exercicio de agregación temática e relacións (multi)disciplinarias en que se combinaron diferentes elementos. No caso da avaliación das materias necesarias de formación complementaria, foi preciso establecer diferentes relacións entre os termos facilitados polas persoas tituladas coas materias impartidas na UVigo e áreas do saber. Con respecto ás materias/temáticas susceptíbeis de transmisión, na hipótese da participación en seminarios, cursos e/ou seminarios como colaboración coa UVigo, houbo que establecer relacións entre a especialización profesional asignada por cada persoa cos campos de aplicación de cada titulación, materias e/ou materias básicas.

Sexa como for, o resultado do procesamento e recodificación da información recollida é o plasmado na Parte III deste Informe, incluíndo numerosas notas de rodapé que complementan as categorías definidas para cada titulación. Os autores deste estudo non descartan que unha aproximación distinta ou máis especializada a esta temática tería conducido a resultados menos controvertíbeis.

Unha primeira aproximación ás respostas que as persoas tituladas da UVigo entre os cursos 1989/90 e 2014/15 ofreceron sobre as súas necesidades formativas complementarias de especialización profesional, unha vez inseridos no mercado de traballo, ou sobre a súa especialización profesional susceptíbel de transmisión docente e que poderían ser útiles de cara á participación en cursos, conferencias e/ou seminarios, obxecto principal deste estudo, permitiu establecer unha primeira categorización das diferentes materias/temáticas referidas na macro enquisa aplicada: habilidades técnicas e habilidades comportamentais.

### 6.1 Habilidades técnicas

As habilidades técnicas ou competencias duras (en inglés "hard skills") son aquelas que poden ser aprendidas e son facilmente cuantificadas, pois entran no currículo académico, son adquiridas e aprendidas nas aulas das facultades e escolas, ou mesmo coa experiencia profesional no posto de traballo. Son, por tanto, cuantificábeis e medíbeis a partir da formación, experiencia laboral ou através de entrevistas.

As competencias duras son específicas para cada área académica e titulación. Así, segundo o Anexo II do referido Decreto 1393/2007, a seguir reproducense as materias básicas por rama de coñecemento:<sup>13</sup>

---

13) Enxeñaría e Arquitectura.

Artes e Humanidades	Ciencias da Saúde	Científico	Tecnolóxico <sup>13</sup>	Xurídico-Social
Antropoloxía	Anatomía Animal	Bioloxía	Empresa	Antropoloxía
Arte	Anatomía Humana	Física	Expresión Gráfica	Ciencia Política
Ética	Bioloxía	Matemáticas	Física	Comunicación
Expresión Artística	Bioquímica	Química	Informática.	Dereito
Filosofía	Estatística	Xeoloxía	Matemáticas	Economía
Historia	Física		Química	Educación
Idioma Moderno	Fisioloxía			Empresa
Lingua	Psicoloxía			Estatística
Lingua Clásica				Historia
Lingüística				Psicoloxía
Literatura				Socioloxía
Socioloxía				Xeografía
Xeografía				

Porén, a efectos deste estudo, este tipo de habilidades están tamén ligadas estreitamente ás áreas de saber no caso das necesidades formativas de especialización profesional e aos campos de aplicación das materias/temáticas no caso da especialización profesional.

Durante os procesos de selección son avaliadas e comparadas coas doutros candidatos, polo que están moi estreitamente vinculadas á experiencia e expediente académico da persoa titulada que opta a un posto de traballo.

## 6.2 Habilidades comportamentais

Baixo o termo de habilidades comportamentais (en inglés "soft skills") agrúpanse unha serie de competencias subxectivas de difícil identificación e avaliación e directamente ligadas á intelixencia emocional das persoas. Tamén son coñecidas como habilidades con persoas (people skills) ou habilidades interpersoais (interpersonal skills) porque están ligadas á forma de relacionarse e interactuar entre si.

Diferentes das habilidades técnicas, estas capacidades son adquiridas normalmente a partir das experiencias vividas ao longo do tempo e non se encontran en libros ou nos planos de estudo das titulacións universitarias. Por iso, son interesantes para calquera tipo de actuación profesional.

Aínda que existe unha ampla bibliografía sobre as competencias subxectivas que integran esta tipoloxía de habilidades, a efectos deste estudo, a seguir son definidas as máis destacadas:

- Actitude cara o traballo/motivación: Esta habilidade comporta a capacidade de traballo, dispoñibilidade, lealdade, puntualidade, iniciativa, dedicación e presenza de baixos niveis de absentismo en quen a manifesta.

- Comunicación/técnicas de comunicación: Comunicarse no é apenas falar a mesma lingua, senón que unha comunicación verdadeira e eficaz inclúe a interpretación das ideas de forma a conseguir trasladar a outra persoa exactamente o que se está querendo dicir. Cunha comunicación eficaz, a persoa é capaz de falar aos máis diversos públicos, realizar presentacións en público e, posibelmente alcanzar os obxectivos que buscaba coa comunicación. A súa importancia deriva da existencia, existente na maioría de profesións, de interactuar internamente entre as persoas no ambiente de traballo o externamente cos clientes. Esta competencia inclúe tamén escoitar atentamente e entender o que está a ser dito ou escribir ben e está ligada a outras habilidades comportamentais (cortesía, traballo en equipo, liderado).
- Cortesía: Competencia ligada ás boas maneiras, etiqueta, respecto e tratamento correcto e educado coas outras persoas.
- Resolución de problemas/conflictos: Consiste na capacidade de usar métodos, dunha forma ordenada, para encontrar solucións a problemas ou conflitos específicos que xorden no ambiente laboral.
- Pensamento creativo/creatividade: A creatividade é unha habilidade típica da cognición humana consistente na capacidade de xerar novas ideas ou conceptos, de novas asociacións entre ideas e conceptos coñecidos, que habitualmente producen solucións de forma rápida e orixinal. Aínda que é de carácter innato, o tipo de creatividade demandada por grande parte das profesións pode ser perfeccionado coa práctica e construído a partir de coñecementos sobre determinado asunto. Esta habilidade está ligada a outras (resolución de problemas, resiliencia,...).
- Empatía: É a capacidade de colocarse no lugar doutra persoa de forma que se consiga comprendela. A súa utilidade no ámbito profesional radica na súa importancia na relación entre directivos e mandos intermedios cos empregados dunha empresa entre os que existe unha relación xerárquica e é unha habilidade crucial na relación entre a empresa e os seus clientes (internos e externos). É unha soft skill necesaria para líderes e xestores ligada ao traballo en equipo e á xestión dos recursos humanos.
- Ética profesional: É un tipo de habilidade comportamental subxectiva desenvolvida ao longo da vida ligada a conceptos como a sinceridade, moralidade, valores persoais e honradez. A existencia de persoas éticas no traballo é unha calidade que non se aprende na formación académica e depende de factores como as influencias familiares, as relacións e convivencia no período formativo. Está ligada a outras habilidades comportamentais como a actitude cara o traballo (puntualidade) e a responsabilidade co traballo de maneira xeral.
- Flexibilidade/resiliencia: É a capacidade de recuperarse após atravesar adversidades e, por tanto, exige certa madurez psicolóxica. Por posibilitar as aprendizaxes nos momentos de dificultade, a súa importancia é debida a que constitúe a base para o desenvolvemento

doutras soft skills (resolución de problemas, xestión da mudanza, traballo baixo presión,...). Normalmente esta habilidade está presente en persoas que experimentaron situacións complicadas e tensas no ámbito empresarial.

- Liderado: É a capacidade de destacar nun grupo e é produto da unión doutras habilidades comportamentais (comunicación eficaz, creatividade, resiliencia, empatía, traballo en equipo,...) que permite que un profesional sexa máis do que un bo empregado. Conquistar o liderado e saber xestionalo permite que os empregados traballen en equipa, asuman responsabilidades e que consigan explotar o mellor das persoas.
- Habilidades interpersoais: Están ligadas á capacidade dunha persoa para ser agradábel, simpática, amigábel, hospitalaria, con autocontrol, paciencia, sociabilidade, cordialidade e habilidades sociais.
- Positividade: Esta habilidade está ligada ás persoas que presentan capacidades relacionadas co optimismo, entusiasmo, felicidade, seguranza e que contribúen a mellorar o ánimo dos colegas de traballo.
- Traballo en equipa: É a capacidade dunha persoa para realizar unha tarefa ou determinado traballo cun conxunto ou grupo de persoas. O traballo en equipa posibilita a troca de coñecementos e axilidade no cumprimento das metas e obxectivos compartidos. A súa importancia na sociedade actual deriva da necesidade de axuda entre as persoas. Unha persoa con esta capacidade pode cooperar, levarse ben cos outros, é agradábel, anima e axuda a quen o necesitar.

Existen outras habilidades comportamentais como a persuasión, xestión do tempo, intelixencia emocional, intelixencias múltiples, profesionalismo, pensamento crítico, rede de contactos activos (networking), toma de decisión, organización... ligadas ás que acaban de ser descritas.

Nos procesos de selección e contratación de profesionais polos departamentos de persoal e recursos humanos das empresas son normalmente analizadas xunto coas habilidades técnicas. Estas competencias, hábitos e comportamentos permiten diferenciar a dúas persoas en igualdade de formación e resultados académicos no momento de emprender un proxecto, solucionar un conflito ou interactuar con outras persoas.

De cara á inserción laboral a importancia das habilidades comportamentais deriva do feito de que, mesmo existindo a procura de habilidades técnicas para satisfacer postos de traballo, os recrutadores e responsábeis de recursos humanos das organizacións procuran candidatos que teñan habilidades comportamentais específicas, xa que é moito máis fácil para unha empresa adestrar unha competencia técnica do que unha comportamental.

Segundo os prescritesores internacionais máis prestixiados sobre empregabilidade, as habilidades comportamentais son un elemento diferenciador importante, condición sine qua non para a em-



pregabilidade e suceso da carreira profesional<sup>14</sup>. De feito, estas fontes estiman que até o 80% dos sucesos na carreira profesional están determinados por habilidades comportamentais e apenas o 20% por habilidades técnicas. Os especialistas na materia recomendan que a capacitación en habilidades comportamentais debe iniciarse no período formativo para que o desenvolvemento no ambiente académico permita adquirir cualidades útiles no futuro posto de traballo. Un estudo de interese público realizado no Reino Unido<sup>15</sup> aventurou que máis de medio millón de persoas poderían ser expulsas do mercado de traballo no horizonte de 2020 por causa da falta de habilidades comportamentais. En definitiva, a importancia destas habilidades exemplifícase na sentenza de que as empresas contratan polo currículo e despiden polo comportamento; isto é, é como se os empregados fosen contratados grazas ás “hard skills” e despedidos en función da deficiencia de “soft skills”.

### 6.3 Habilidades multidisciplinares

Ao analizarmos as materias/temáticas referidas polas persoas tituladas inquiridas observouse a existencia de determinadas habilidades técnicas e habilidades que se presentan en diferentes titulacións pertencentes a ramas de coñecemento distintas. Noutras palabras, trátase de necesidades formativas complementarias ou áreas de especialización profesional presentes nas respostas obtidas das persoas que participaron no estudo.

Estas habilidades e habilidades técnicas, entre as cales algunhas constitúen materias básicas específicas dunha rama de coñecemento determinada, son as seguintes:

- Administración de empresas: As actividades ligadas ao funcionamento dunha empresa, como o control, liderado, seguimento, organización e planeamento. Aínda que constitúe a materia básica das titulacións do ámbito Xurídico-Social e Tecnolóxico, os ítems ligados a esta actividade (contabilidade, finanzas, fiscalidade, marketing, organización de empresas...) están presentes en todas as ramas de coñecemento avaliadas.
- Emprendemento: É a capacidade e a vontade de desenvolver, organizar e xestionar unha empresa e asumir calquera dos seus riscos para obter un lucro. O exemplo máis obvio de emprendemento é a creación de empresas.
- Formación e orientación laboral: Conxunto de actividades de tipo formativo e orientativo para conseguir a inserción laboral ou mellorar a empregabilidade.
- Idiomas: Estudos encamiñados a mellorar o coñecemento de Linguas Estranxeiras. Aínda que os idiomas modernos constitúen a materia básica das titulacións do ámbito das Artes e Humanidades II, esta materia está presente en todas as ramas de coñecemento analizadas.

14) <https://www.ncbi.nlm.nih.gov/pmc/articles/PMC3612993/>

15) <http://backingsoftskills.co.uk/>

- Informática: Materia básica das titulacións do ámbito Tecnolóxico, nunha forma máis básica (por exemplo, o coñecemento e dominio da informática) está presente en todas as ramas de coñecemento avaliadas.
- Matemáticas: Materia básica das titulacións pertencentes ao ámbito Científico e Tecnolóxico. A Estatística constitúe unha materia básica en titulacións do ámbito Xurídico-Social e das Ciencias da Saúde.
- Novas tecnoloxías (de Información e Comunicación): Conxunto de tecnoloxías e métodos para comunicar, desenvolvidas principalmente a partir dos anos 1990, que agrupan os elementos e as técnicas usadas no tratamento e na transmisión das informacións, principalmente da informática, Internet e as telecomunicacións (computadores persoais, telefonía móbil, correo electrónico, tecnoloxías dixitais de captación de imaxes e sons, tecnoloxías sen fíos...).
- Prácticas en empresas (practicum): Consiste na realización de prácticas profesionais en calquera campo de traballo especializado, que está deseñado para dar aos estudantes ou persoas recén tituladas a aplicación práctica supervisada dunha teoría previamente ou concorrentemente estudada. Aínda que son comúns nas titulacións do ámbito da educación e o traballo social (rama de coñecemento Xurídico-Social III), neste estudo constatouse como necesaria en todos os ámbitos avaliados.

Por iso, estes oito aspectos son analizados separadamente do resto de habilidades técnicas de cada ámbito académico na Parte IV deste Informe.



PARTE



## Resultados globais por titulacións

Este apartado presenta, de forma estruturada por ámbitos académicos, unha ficha de cada titulación na que, alén das respostas ás dúas preguntas obxecto deste estudo, son descritos aspectos como a súa vixencia (período comprendido entre a primeira e última promoción), campus universitario (Ourense, Pontevedra e Vigo), distribución por xéneros, formación de posgrao, titulación universitaria adicional completada, situación socio laboral<sup>16</sup> e taxa de ocupación<sup>17</sup>. Relativamente ao posto de traballo actual das persoas que traballan defínese a rama de actividade<sup>18</sup>, sector económico<sup>19</sup>, área funcional de traballo<sup>20</sup>, lugar de traballo e categoría profesional<sup>21</sup>. Tamén se mostra a relación existente entre o traballo actual e os estudos realizados, ben como entre as exigencias deste e o nivel académico adquirido na UVigo.

Os cadros que a seguir se mostran detallan tanto as materias/temáticas que constitúen necesidades formativas complementares detectadas polas persoas tituladas da UVigo inseridas no mercado de traballo como a especialización profesional transmisíbel; isto é, aqueles aspectos que dominan no seu ámbito profesional e que poderían trasladar, como colaboración docente, coa súa participación en cursos, conferencias e/ou seminarios.

En ambos os casos ditas materias están ordenadas alfabeticamente en cada cadro e o seu sumatorio supera o cen por cento, xa que na enquisa aplicada cada persoa podía referir un máximo de catro respostas. Alén diso, nalgúns casos, pódese detectar a existencia de oscilacións nas porcentaxes de cada materia en consecuencia do efecto de arredondar o segundo decimal e do proceso de agregación e desagregación das necesidades formativas complementares e/ou especialización profesional transmisíbel.

Neste apartado os cadros de datos incorporan indistintamente as habilidades técnicas, comportamentais e multidisciplinares de cada titulación.

16) É referido á categoría socio laboral que preferentemente defínese a súa situación no momento de responder a enquisa: persoa empregada nunha empresa privada, que traballa para a administración pública, autoemprego/autónomo, empresario/a titular dunha empresa, estudante, desemprego, xubilado/pensionista ou outras situacións (prepara oposicións, baixa laboral, excedencia,...)

17) Porcentaxe de persoas tituladas que traballaban no momento de responder a enquisa.

18) Proporción de persoas tituladas que traballan no ámbito público, empresa privada ou en entidades de tipo non lucrativo (fundacións, asociacións, ONG...).

19) Para alén dos indicados polas persoas que responderon a enquisa, consideráronse os seguintes: servizos a empresas, público, educación privada, cerámica, servizos informáticos, metalúrxico e eléctrico, turístico, outras actividades sociais, madeira, minaría, finanzas, construción, aseguradoras, automoción, alimentación, transporte/logística, téxtil/confección, enerxía/ambiente; química, plástico, vidro e envases; papel, gráficas, edición e reprodución e agricultura, ganderaría, caza, pesca, silvicultura e forestal.

20) É referido ao departamento da empresa en que traballa a persoa inquirida: dirección xeral, prevención/saúde, recursos humanos, informática, servizos xerais, I+D+i/investigación, produción, atención ao cliente, vendas/marketing, administración e finanzas, ensino/docencia, sen áreas funcionais diferenciadas no seo da empresa ou outras opcións.

21) Foron consideradas as seguintes: directivo/a, mando intermedio, técnico/a cualificado/a e empregado/a non cualificado/a.

## 1. ÁMBITO DE ARTES E HUMANIDADES I

### 1.1 Grao en Belas Artes

Vixencia: Desde 2008/09.

Campus: Pontevedra.

Xénero: Mulleres (78,9%) e homes (21,1%).

Titulación adicional: 5,5%.

Formación de posgrao: 69,5%.

Situación socio laboral: Desemprego (34,4%), emprego en empresa privada (29,7%), estudante (10,9%), autoemprego (13,3%), traballo para a administración pública (6,3%), empresario/a (2,3%), xubilado/pensionista (1,6%) e outro (1,6%).

Taxa de ocupación: 51,6%.

Lugar de traballo: Galicia (62,9%), outras CA (21,0%) e resto do mundo (16,1%).

Rama de actividade: Empresa privada (78,7%), ámbito público (18,0%) e entidade non lucrativa (3,3%).

Sector económico: Servizos a empresas (17,7%), público (16,1%), téxtil/confección e papel, gráficas, edición e reprodución (11,3% ambos), turístico (8,1%), educación privada e arte (6,5% ambos), automoción e alimentación (4,8% ambos), deporte/lecer/cultura e outras actividades sociais (3,2% ambos), servizos informáticos, cerámica, metalúrxico e eléctrico e outros (1,6% cada un).

Área funcional: Produción (20,7%), sen área funcional diferenciada e ensino/docencia (19,0% ambas), vendas/marketing (13,8%), atención ao cliente (12,1%), I+D+i/investigación (8,6%), servizos xerais (5,2%) e dirección xeral (1,7%).

Categoría profesional: Técnico/a cualificado/a (62,8%), empregado/a non cualificado/a (19,4%), directivo/a (9,7%) e mando intermedio (8,1%).

Relación entre o traballo actual e os estudos realizados: Relacionados (60,0%), sen relación (27,3%) e pouco relacionados (12,7%).

Relación entre o traballo actual e o nivel académico adquirido na UVigo: Inferior (49,1%), adecuado (38,2%) e superior (12,7%).

### 1.1.1 Materias necesarias para a especialización profesional

Taxa de resposta: 76,2%

Resultados globais

Materia	%
Administración de empresas <sup>22</sup>	5,2
Animación <sup>23</sup>	8,3
Crítica de arte	5,2
Debuxo <sup>24</sup>	10,4
Deseño	6,3
Deseño gráfico	14,5
Deseño Web	6,3
Emprendemento	5,2
Formación e orientación laboral	29,2
Fotografía	7,3
Habilidades comportamentais <sup>25</sup>	17,2
Idiomas <sup>26</sup>	7,3
Ilustración	10,4
Informática	2,1
Investigación	5,2
Marketing	5,2
Novas tecnoloxías	1,0
Pintura	5,2
Prácticas en empresas (practicum)	10,4
Produción artística <sup>27</sup>	5,1
Software de deseño gráfico e edición	7,3

22) Estratexia empresarial (1,0%).

23) Animación 3D (2,0%).

24) Debuxo técnico (2,1%), debuxo anatómico e debuxo artístico (1,0% ambos).

25) Creatividade (6,2%), autonomía/autoxestión (3,0%), profesionalidade e resolución de problemas (2,0% ambas), formación permanente, liderado, técnicas de comunicación e traballo en equipo (1,0% cada unha).

26) Inglés (2,1%).

27) Arte actual, arte contemporánea e arte dixital (1,0% cada un).

## 1.1.2 Especialización profesional transmisíbel

Taxa de resposta: 57,1%

Resultados globais

Materia	%
Administración de empresas <sup>28</sup>	1,4
Animación <sup>29</sup>	11,2
Debuxo <sup>30</sup>	19,5
Deseño	5,6
Deseño gráfico	20,9
Deseño téxtil e moda	5,6
Docencia	11,1
Edición audiovisual <sup>31</sup>	9,8
Emprendemento	4,2
Formación e orientación laboral	4,2
Fotografía/imaxe	19,5
Habilidades comportamentais <sup>32</sup>	14,0
Historia <sup>33</sup>	5,6
Idiomas <sup>34</sup>	5,6
Ilustración	16,7
Pintura	18,1
Prácticas en empresas (practicum)	2,8
Produción artística <sup>35</sup>	9,8

O Anexo 3 mostra os resultados segmentados por xénero e evolución temporal (quinquenios).

## 1.2 Grao en Xeografía e Historia

Vixencia: Desde 2012/13.

Campus: Ourense.

Xénero: Mulleres (61,5%) e homes (38,5%).

Titulación adicional: 7,7%.

Formación de posgrao: 61,5%.

Situación socio laboral: Estudante (61,5%), desemprego (23,1%), emprego en empresa privada e traballo para a administración pública (7,7% ambas).

Taxa de ocupación: 15,4%.

Lugar de traballo: Galicia (100,0%).

Rama de actividade: Empresa privada e ámbito público (50,0% ambas).

28) Marketing.

29) Animación 3D (2,8%) e animación 2D (1,4%).

30) Debuxo anatómico, artístico e técnico (1,0% cada un).

31) Edición fotográfica (4,2%), videográfica (2,8%), gráfica e dixital (1,4% ambas).

32) Creatividade (7,0%), autonomía/autoxestión (1,4%), disposición á mudanza, habilidades psicolóxicas, técnicas de comunicación e mediación (1,4% cada unha).

33) Historia da arte (2,8%) e historia da fotografía (1,4%).

34) Inglés (2,8%).

35) Arte dixital (2,8%), arte contemporánea, arte de acción, arte sonora e artista plástico (1,4% cada un).

Sector económico: Público e deporte/lecer/cultura (50,0% ambos).

Área funcional: Ensino/docencia (100,0%).

Categoría profesional: Técnico/a cualificado/a e directivo/a (50,0% ambas)

Relación entre o traballo actual e os estudos realizados: Sen relación (100,0%).

Relación entre o traballo actual e o nivel académico adquirido na UVigo: Adecuado e inferior (50,0% ambas).

### 1.2.1 Materias necesarias para a especialización profesional

Taxa de resposta: 38,5%

Resultados globais

Materia	%
Formación e orientación laboral	60,0
Idiomas	20,0
Prácticas en empresas (practicum)	20,0

### 1.2.2 Especialización profesional transmisíbel

Taxa de resposta: 46,2%.

Resultados globais

Materia	%
Historia	66,7
Idiomas	33,3

O Anexo 4 mostra os resultados segmentados por xénero e evolución temporal (quinquenios).

## 1.3 Licenciatura en Belas Artes

Vixencia: 1994/95-2014/15 (en extinción).

Campus: Pontevedra.

Xénero: Mulleres (72,7%) e homes (27,3%).

Titulación adicional: 12,2%.

Formación de posgrao: 51,2%.

Doutoramento: 12,2%.

Situación socio laboral: Emprego en empresa privada (29,7%), traballo para a administración pública (25,6%), autoemprego (24,4%), desemprego (17,4%), estudante (1,2%), empresario/a, xubilado/pensionista e outra situación (0,6% cada unha).

Taxa de ocupación: 80,2%.

Lugar de traballo: Galicia (72,5%), outras CA (17,6%) e resto do mundo (9,9%).



Rama de actividade: Empresa privada (58,6%), ámbito público (35,2%) e entidade non lucrativa (6,2%).

Sector económico: Público (32,3%), educación privada (13,8%), servizos a empresas (10,8%), arte (10,0%), papel, gráficas, edición e reprodución (8,5%), téxtil/confección (5,4%), servizos informáticos (3,8%), outras actividades sociais (3,1%), comunicación audiovisual e deporte/lecer/cultura (2,3% ambos), turístico e química, plástico, vidro, envases (1,5% ambos), automoción, alimentación, construción, enerxía/ambiente, sanidade privada e minaría (0,8% cada un).

Área funcional: Ensino/docencia (39,5%), sen área funcional diferenciada (21,8%), produción (14,5%), vendas/marketing (6,5%), servizos xerais (4,8%), dirección xeral, I+D+i/investigación e informática (3,2%), atención ao cliente (2,4%) e administración e finanzas (0,8%).

Categoría profesional: Técnico/a cualificado/a (72,6%), directivo/a (12,2%), mando intermedio (9,9%) e empregado/a non cualificado/a (5,3%).

Relación entre o traballo actual e os estudos realizados: Relacionados (79,3%), sen relación (11,3%) e pouco relacionados (9,4%).

Relación entre o traballo actual e o nivel académico adquirido na UVigo: Adecuado (72,6%), inferior (20,8%) e superior (6,6%).

### 1.3.1 Materias necesarias para a especialización profesional

Taxa de resposta: 73,4%

Resultados globais

Materia	%
Administración de empresas <sup>36</sup>	4,8
Animación <sup>37</sup>	9,4
Debuxo <sup>38</sup>	6,3
Deseño	8,7
Deseño gráfico	11,0
Deseño Web	7,9
Educación <sup>39</sup>	7,1
Emprendemento	6,3
Formación e orientación laboral	11,8
Habilidades comportamentais <sup>40</sup>	11,9
Historia <sup>41</sup>	7,9
Idiomas	11,8
Ilustración	6,3
Informática	3,9
Marketing <sup>42</sup>	6,3
Novas tecnoloxías	7,1
Prácticas en empresas (practicum)	3,9
Produción artística <sup>43</sup>	11,2

36) Contabilidade, finanzas e fiscalidade (0,8% cada unha).

37) Animación 3D (3,9%) e animación 2D (3,1%).

38) Debuxo técnico (3,9%).

39) Educación artística (2,4%).

40) Creatividade (6,3%), habilidades psicolóxicas e técnicas de comunicación (1,6% ambas), autoxestión, habilidades sociais e profesionalismo (0,8% cada unha).

41) Historia da arte (5,5%) e historia do deseño (2,4%).

42) Marketing dixital (0,8%).

43) Arte urbana (1,6%), arte actual, arte contemporánea, arte de acción, arte visual, artes vivas e artes plásticas (0,8% cada un).

### 1.3.2 Especialización profesional transmisíbel

Taxa de resposta: 77,5%

Resultados globais

Materia	%
Administración de empresas <sup>44</sup>	4,4
Debuxo <sup>45</sup>	23,6
Deseño gráfico	21,6
Docencia	17,1
Emprendemento	3,7
Formación e orientación laboral	0,7
Habilidades comportamentais <sup>46</sup>	14,7
Historia <sup>47</sup>	11,0
Idiomas <sup>48</sup>	1,4
Ilustración	9,7
Informática	1,5
Novas tecnoloxías	1,5
Pintura <sup>49</sup>	15,6
Produción artística <sup>50</sup>	20,5

O Anexo 5 mostra os resultados segmentados por xénero e evolución temporal (quinquenios).

### 1.4 Licenciatura en Historia

Vixencia: 1996/97-2014/15 (en extinción).

Campus: Ourense.

Xénero: Mulleres (54,5%) e homes (45,5%).

Titulación adicional: 9,1%.

Formación de posgrao: 61,8%.

Doutoramento: 5,5%.

Situación socio laboral: Traballo para a administración pública (30,9%), emprego en empresa privada (29,1%), desemprego (23,6%), autoemprego, empresario/a e estudante (5,5% cada unha).

Taxa de ocupación: 70,9%.

Lugar de traballo: Galicia (97,4%) e outras CA (2,6%).

Rama de actividade: Empresa privada (51,3%), ámbito público (41,0%) e entidade non lucrativa

44) Marketing e marketing dixital (1,5% ambos), economía e fiscalidade (0,7% ambas).

45) Debuxo artístico (5,2%), debuxo técnico (3,7%) e debuxo anatómico (1,4%).

46) Creatividade (7,5%), traballo en equipo (3,0%), autoxestión, xestión do tempo, organización, liderado, técnicas de relaxación e mediación (0,7% cada unha).

47) Historia da arte (8,2%), historia do cinema, historia do deseño (0,7% ambas).

48) Inglés (0,7%).

49) Inclúe técnicas e procedementos pictóricos (2,2%).

50) Arte plástica (5,2%), arte gráfica (3,2%), arte política e arte de acción (1,5% ambas)

(7,7%).

Sector económico: Público (43,6%), educación privada e turístico (12,8% ambos), servizos a empresas, outras actividades sociais e deporte/lecer/cultura (5,1% cada un), transporte/loxística, distribución, metalúrxico e eléctrico, alimentación, finanzas e comunicación audiovisual (2,6% cada un).

Área funcional: Ensino/docencia (31,6%), atención ao cliente (13,2%), sen área funcional diferenciada e administración e finanzas (10,5% ambas), produción, servizos xerais e dirección xeral (7,9% cada unha), I+D+i/investigación e recursos humanos (5,3% ambas).

Categoría profesional: Técnico/a cualificado/a (69,2%), directivo/a (15,4%), empregado/a non cualificado/a (10,3%) e mando intermedio (5,1%).

Relación entre o traballo actual e os estudos realizados: Relacionados (51,4%), sen relación (42,9%) e pouco relacionados (5,7%).

Relación entre o traballo actual e o nivel académico adquirido na UVigo: Adecuado (60,0%), inferior (34,3%) e superior (5,7%).

#### 1.4.1 Materias necesarias para a especialización profesional

Taxa de resposta: 59,6%.

Resultados globais

Materia	%
Administración de empresas <sup>51</sup>	7,2
Arqueoloxía	21,4
Arquivística	25,0
Biblioteconomía	14,3
Formación e orientación laboral	10,7
Habilidades comportamentais <sup>52</sup>	3,6
Historia	17,9
Idiomas clásicos <sup>53</sup>	10,7
Informática	14,3
Novas tecnoloxías	17,9
Pedagogía	10,7
Prácticas en empresas (practicum)	17,9
Xestión patrimonial	10,7

51) Contabilidade e finanzas (3,6% ambos).

52) Formación permanente.

53) Grego e latín (3,6% ambos).

54) Formación permanente (4,5%).

## 1.4.2 Especialización profesional transmisíbel

Taxa de resposta: 46,8%.

Resultados globais

Materia	%
Administración de empresas	4,5
Arqueoloxía	22,7
Arte	22,7
Didáctica	18,2
Docencia	27,3
Habilidades comportamentais <sup>54</sup>	4,5
Historia	36,4
Novas tecnoloxías	13,6
Xeografía	18,2

O Anexo 6 mostra os resultados segmentados por xénero e evolución temporal (quinquenios).

## 2. ÁMBITO DE ARTES E HUMANIDADES II

### 2.1 Grao en Estudos de Galego e Español

Vixencia: Desde 2012/13.

Campus: Vigo.

Xéneros: Mulleres (92,3%) e homes (7,7%).

Titulación adicional: 7,7%.

Formación de posgrao: 84,6%.

Situación socio laboral: Estudante (53,8%), autoemprego (15,4%), emprego en empresa privada (15,4%), traballo para a administración pública e desemprego (7,7% ambas).

Taxa de ocupación: 38,5%.

Lugar de traballo: Galicia (100,0%).

Rama de actividade: Empresa privada (80,0%) e ámbito público (20,0%).

Sector económico: Educación privada (80,0%) e público (20,0%).

Área funcional: Ensino/docencia (60,0%), vendas/marketing e sen área funcional diferenciada (20,0% ambas).

Categoría profesional: Técnico/a cualificado/a (60,0%) e empregado/a non cualificado/a (40,0%).

Relación entre o traballo actual e os estudos realizados: Relacionados (100,0%).

Relación entre o traballo actual e o nivel académico adquirido na UVigo: Adecuado (60,0%) e inferior (40,0%).

### 2.1.1 Materias necesarias para a especialización profesional

Taxa de resposta: 75,0%

Resultados globais

Materia	%
Comunicación	22,2
Didáctica	33,3
Docencia	22,2
Formación e orientación laboral	11,0
Habilidades comportamentais <sup>55</sup>	33,3
Literatura universal	33,3
Prácticas en empresas (practicum)	11,0

### 2.1.2 Especialización profesional transmisíbel

Taxa de resposta: 41,7%

Resultados globais

Materia	%
Formación e orientación laboral	20,0
Habilidades comportamentais <sup>56</sup>	40,0
Literatura <sup>57</sup>	40,0
Novas tecnoloxías	20,0

O Anexo 7 mostra os resultados segmentados por xénero e evolución temporal (quinquenios).

## 2.2 Grao en Linguas Estranxeiras

Vixencia: Desde 2012/13.

Campus: Vigo.

Xénero: Mulleres (90,5%) e homes (9,5%).

Titulación adicional: 4,8%.

Formación complementaria de posgrao: 61,9%.

Situación socio laboral: Emprego en empresa privada (42,9%), estudante (28,6%), traballo para a administración pública (19,0%) e desemprego (9,5%).

Taxa de ocupación: 61,9%.

Lugar de traballo: Galicia (76,9%), outras CA (7,7%) e resto do mundo (15,4%).

Rama de actividade: Empresa privada (66,7%) e ámbito público (33,3%).

Sector económico: Educación privada (41,7%), público (33,3%), aeronáutica, transporte/loxística e

<sup>55</sup> Técnicas de comunicación (22,2%), mediación e xestión do conflito (11,1%).

<sup>56</sup> Técnicas de comunicación.

<sup>57</sup> Literatura en lingua española (20,0%).

turístico (8,3% cada un).

Área funcional: Ensino/docencia (36,4%), sen área funcional diferenciada e I+D+i/investigación (18,2% ambas), dirección xeral, produción e informática (9,1% cada unha).

Categoría profesional: Técnico/a cualificado/a (76,9%), mando intermedio, directivo/a e empregado/a non cualificado/a (7,7% cada unha).

Relación entre o traballo actual e os estudos realizados: Relacionados (61,5%), pouco relacionados (30,8%) e sen relación (7,7%).

Relación entre o traballo actual e o nivel académico adquirido na UVigo: Adecuado (69,2%), inferior (23,1%) e superior (7,7%).

### 2.2.1 Materias necesarias para a especialización profesional

Taxa de resposta: 70,0%

Resultados globais

Materia	%
Administración de empresas <sup>58</sup>	7,1
Dereito <sup>59</sup>	35,5
Formación e orientación laboral	7,1
Habilidades comportamentais <sup>60</sup>	28,4
Idiomas <sup>61</sup>	71,4
Novas tecnoloxías	7,1
Prácticas en empresas (practicum)	7,1
Turismo	14,3

### 2.2.2 Especialización profesional transmisíbel

Taxa de resposta: 35,0%

Resultados globais

Materia	%
Administración de empresas <sup>62</sup>	28,6
Formación e orientación labora	14,3
Habilidades comportamentais <sup>63</sup>	14,3
Idiomas <sup>64</sup>	57,2
Lingüística	28,6
Redes sociais	28,6

O Anexo 8 mostra os resultados segmentados por xénero e evolución temporal (quinquenios).

58) Marketing.

59) Dereito comunitario, dereito comparado, dereito da concorrncia, dereito da propiedade intelectual e dereito internacional (7,1% cada un).

60) Formación permanente, intelixencia emocional, habilidades psicolóxicas e técnicas de comunicación (7,1% cada unha).

61) Inglés (35,7%) e francés (7,1%).

62) Comercio internacional e marketing (14,3% ambos).

63) Técnicas de comunicación.

64) Inglés (42,9%).

## 2.3 Grao en Tradución e Interpretación (Español-Francés)

Vixencia: Desde 2012/13.

Campus: Vigo.

Xénero: Mulleres (91,7%) e homes (8,3%).

Formación de posgrao: 50,0%

Situación socio laboral: Emprego en empresa privada (66,7%), desemprego e estudante (16,7% ambas).

Taxa de ocupación: 66,7%

Lugar de traballo: Galicia (50,0%), resto do mundo (37,5%) e outras CA (12,5%).

Rama de actividade: Empresa privada (100,0%).

Sector económico: Educación privada (37,5%), servizos informáticos (25,0%), turístico, servizos a empresas e téxtil/confección (12,5% cada un)

Área funcional: Vendas/marketing e ensino/docencia (25,0% ambas), atención ao cliente, recursos humanos e servizos xerais (12,5% cada unha).

Categoría profesional: Técnico/a cualificado/a (50,0%), empregado/a non cualificado/a (37,5%) e mando intermedio (12,5%).

Relación entre o traballo actual e os estudos realizados: Relacionados e sen relación (37,5% ambas) e pouco relacionados (25,0%).

Relación entre o traballo actual e o nivel académico adquirido na UVigo: Inferior (50,0%), adecuado (37,5%) e superior (12,5%).

### 2.3.1 Materias necesarias para a especialización profesional

Taxa de resposta: 66,7%

Resultados globais

Materia	%
Emprendemento	12,5
Formación e orientación laboral	25,0
Idiomas	25,0
Informática	12,5
Prácticas en empresas (practicum)	12,5
Tradución especializada <sup>65</sup>	37,5

<sup>65</sup>) Tradución literaria (25,0%) e tradución xurada (12,5%).

### 2.3.2 Especialización profesional transmisíbel

Taxa de resposta: 25,0%

Resultados globais

Materia	%
Docencia	33,3
Idiomas <sup>66</sup>	100,0
Lingua española	33,3
Tradución especializada <sup>67</sup>	33,3

O Anexo 9 mostra os resultados segmentados por xénero e evolución temporal (quinquenios).

### 2.4 Grao en Tradución e Interpretación (Español-Inglés)

Vixencia: Desde 2012/13.

Campus: Vigo.

Xénero: Mulleres (77,8%) e homes (22,2%).

Titulación adicional: 5,6%.

Formación de posgrao: 72,2%.

Situación socio laboral: Emprego en empresa privada (30,6%), desemprego e estudante (22,2% ambas), autoemprego e traballo para a administración pública (11,1% ambas) e empresario (2,8%).

Taxa de ocupación: 58,3%.

Lugar de traballo: Galicia (61,9%), outras CA e resto do mundo (19,0% ambos).

Rama de actividade: Empresa privada (76,2%), ámbito público (19,0%) e entidade non lucrativa (4,8%).

Sector económico: Servizos a empresas (33,3%), público (23,8%), téxtil/confección (14,3%), alimentación, educación privada, turístico e papel, gráficas, edición e reprodución (4,8% cada un).

Área funcional: Sen área funcional diferenciada (31,6%), administración e finanzas (15,9%), dirección xeral, vendas/marketing e ensino/docencia (10,5% cada unha), atención ao cliente, informática e prevención/saúde (5,3% cada unha).

Categoría profesional: Técnico/a cualificado/a (65,0%), mando intermedio (15,0%), directivo/a e empregado/a non cualificado/a (10,0% ambas).

Relación entre o traballo actual e os estudos realizados: Relacionados (52,4%), pouco relacionados (28,6%) e sen relación (19,0%).

Relación entre o traballo actual e o nivel académico adquirido na UVigo: Adecuado (52,4%), inferior e superior (23,8% ambas).

66) Inglés (66,7%) e francés (33,3%).

67) Tradución literaria.



### 2.4.1 Materias necesarias para a especialización profesional

Taxa de resposta: 61,1%

Resultados globais

Materia	%
Administración de empresas <sup>68</sup>	13,6
Emprendemento	18,2
Español	9,1
Ferramentas CAT	18,2
Formación e orientación laboral	13,6
Idiomas <sup>69</sup>	27,1
Interpretación especializada <sup>70</sup>	13,5
Localización <sup>71</sup>	22,6
Prácticas en empresas (practicum)	13,6
Relacións internacionais	13,6
Tradución especializada <sup>72</sup>	9,1

### 2.4.2 Especialización profesional transmisíbel

Taxa de resposta: 19,4%

Resultados globais

Materia	%
Formación e orientación laboral	14,3
Habilidades comportamentais <sup>73</sup>	14,3
Idiomas <sup>74</sup>	28,6
Informática	14,3
Interpretación especializada <sup>75</sup>	28,6
Localización <sup>76</sup>	57,2
Tradución audiovisual	42,9

O Anexo 10 mostra os resultados segmentados por xénero e evolución temporal (quinquenios).

68) Marketing (9,1%) e fiscalidade (4,5%).

69) Inglés (13,6%), francés e alemán (4,5% ambos).

70) Interpretación no sector público e interpretación simultánea (4,5% ambas).

71) Localización de software e de videoxogos (4,5% ambas).

72) Tradución científico-técnica e literaria (4,5% ambas).

73) Técnicas de comunicación.

74) Inglés.

As matemáticas constitúen a especialización profesional maioritaria entre os titulados/as no Grao de Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (50,0%) e é considerábel entre os graduados/as en Economía (30,8%) e en Relacións Laborais e Recursos Humanos (11,1%), Diplomatura en Mestre/a de Educación Primaria (9,5%), Grao en Administración e Dirección de Empresas (8,2%), Licenciatura en Ciencias do Mar e Diplomatura en Mestre/a de Educación Física (7,4% ambos).

A especialización profesional en matemáticas é mínima entre as persoas tituladas en Enxeñaría de Telecomunicación (0,4%), Enxeñaría Técnica Industrial (0,5%), Diplomatura en Relacións Laborais (0,7%), Licenciatura en Psicopedagogía (1,0%), Enxeñaría Técnica Forestal (1,2%), Enxeñaría Industrial (1,6%), Diplomatura en Mestre/a de Educación Infantil (1,7%) e Licenciatura en Economía (2,0%).

## Novas tecnoloxías

A especialización profesional en novas tecnoloxías é significativa entre as persoas tituladas no Grao de Estudos de Galego e Español (20,0%), Licenciatura en Historia (13,6%), Grao en Dereito (13,3%), Licenciatura en Filoloxía Inglesa (8,8%), Licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais-Sección Económicas (6,4%), Enxeñaría Técnica Agrícola (5,8%), Diplomatura en Turismo (4,8%), Grao en Administración e Dirección de Empresas (3,3%), Diplomatura en Educación Social (3,3%) e Licenciatura en Tradución e Interpretación-Galego-Ingles (2,9%).

As novas tecnoloxías, polo contrario, presentan unha especialización profesional mínima na Diplomatura en Enfermería (0,5%), Diplomatura en Relacións Laborais e Enxeñaría de Telecomunicación (0,7% ambos), Enxeñaría Industrial (0,9%), Enxeñaría Técnica Forestal (1,2%), Licenciatura en Publicidade e Relacións Públicas e Enxeñaría Técnica Industrial-Mecánica (1,3% ambos) e licenciaturas en Belas Artes, Administración e Dirección de Empresas e Enxeñaría Técnica Industrial-Electrónica Industrial (1,5% cada un).

## Prácticas en empresas

A realización de prácticas en empresas constitúe unha parte considerábel da especialización profesional das persoas tituladas graduadas en Traballo Social (12,5%), Educación Infantil (10,0%), diplomaturas en Mestre/a de Educación Infantil (6,8%), Educación Especial (6,3%) e Educación Primaria (5,3%), graduados/as en Ciencias da Actividade Física e do Deporte (4,5%), Publicidade e Relacións Públicas (3,2%) e Belas Artes (2,8%), Diplomatura en Mestre/a de Educación Musical (2,4%) e Licenciatura en Tradución e Interpretación (1,6%).

Polo contrario, presenta valores mínimos entre as persoas tituladas en Enxeñaría Industrial (0,2%), Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas e Diplomatura en Ciencias Empresariais (0,4% ambos), licenciaturas en Publicidade e Relacións Públicas, Ciencias do Mar e Bioloxía (0,6% cada unha), Enxeñaría de Telecomunicación (0,7%), Enxeñaría de Minas, licenciaturas en Psicopedagogía e en Económicas (1,0% cada un).

### 1.2.2.3 Habilidades comportamentais

- Artes e Humanidades II: Grao en Estudos de Galego e Español (40,0%).
- Tecnolóxico: Grao en Enxeñaría Forestal (40,0%),

A especialización profesional en habilidades comportamentais é maior entre as persoas tituladas no Grao de Estudos de Galego e Español e en Enxeñaría Forestal (40,0%), Enxeñaría en Organización Industrial (35,6%), Licenciatura en Tradución e Interpretación-Español-Francés (28,5%), graos en Educación Social (23,1%) e en Relacións Laborais e Recursos Humanos (22,2%), Diplomatura en Educación Social (21,9%), Grao en Enxeñaría Mecánica (21,4%), Diplomatura en Ciencias Empresariais (18,1%) e no Grao en Educación Primaria (17,9%).

Os niveis máis baixos de especialización en habilidades comportamentais detéctanse producen entre os licenciados/as en Ciencias Químicas (1,4%), Enxeñaría Técnica Industrial-Electricidade (2,4%), Enxeñaría Técnica Agrícola (2,9%), Grao en Publicidade e Relacións Públicas (3,2%), Licenciatura en Química e Enxeñaría Técnica Forestal (3,7% ambas), Licenciatura en Historia e Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte (4,5% ambas) e Licenciatura en Tradución e Interpretación (4,8%).

## 2. Análise por xénero

Este apartado analiza por xénero as materias/temáticas que constitúen as necesidades formativas complementarias e a especialización profesional transmisíbel. En ambos casos a análise diferencia as materias/temáticas con predominio feminino e masculino ben como aquelas de perfil paritario das habilidades consideradas neste estudo (técnicas, multidisciplinares e comportamentais) por ámbitos académicos.

Relativamente á análise segmentada por xéneros, obsérvase que a mostra obtida está formada integramente por mulleres no Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos e na Licenciatura en Tradución e Interpretación (Galego-Francés). Polo contrario, os homes constitúen a totalidade da mostra obtida entre as persoas tituladas no Grao en Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática.

### 2.1 Necesidades formativas complementarias

#### 2.1.1 Materias con predominio feminino

Alén das titulacións referidas no apartado anterior, a mostra obtida está formada integramente por mulleres entre as persoas tituladas nos graos en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, Educación Social, Consultoría e Xestión da Información e Estudos de Galego e Español.

##### 2.1.1.1 Habilidades técnicas

- Artes e Humanidades II: Corrección de textos (50,0%) na Licenciatura en Tradución e Interpretación (Galego-Francés).
- Ciencias da Saúde: Especialidades de enfermaría no Grao e Diplomatura en Enfermaría (53,6% e 50,8%, respectivamente).
- Científico: Biotecnoloxía, bromatoloxía, química e tecnoloxía alimentar (50,0% cada unha) no Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos.
- Tecnolóxico: Bioenxeñaría e procesos químico-industriais (100,0%) no Grao en Enxeñaría en Química Industrial, electrotecnia e enxeñaría de control (100,0%) en Enxeñaría en

Automática e Electrónica Industrial, redes de comunicación (100,0%) en Enxeñaría Técnica de Telecomunicación (Sistemas de Telecomunicación), automatización industrial (66,7%) nos graos en Enxeñaría da Enerxía e en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais, software CAD e matemáticas (66,7% ambas) no Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (66,7%), sistemas informáticos (66,7%) no Grao en Enxeñaría Informática, sistemas intelixentes (66,7%) no Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación, xestión ambiental en Enxeñaría Técnica Forestal (51,5%) e no Grao en Enxeñaría Agraria (50,0%), informática e software CAD (50,0% ambas) no Grao en Enxeñaría Agraria; comercio electrónico, estratexia empresarial e produción Lean (50,0% cada unha) no Grao en Enxeñaría en Organización Industrial e silvicultura e informática (50,0% ambas) no Grao en Enxeñaría Forestal.

- Xurídico-Social I: Contabilidade (65,2%) no Grao en Administración e Dirección de Empresas.
- Xurídico-Social II: Xestión de recursos humanos (69,2%) no Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos.
- Xurídico-Social IV: Posproducción audiovisual (63,7%) no Grao en Comunicación Audiovisual.

### 2.1.1.2 Habilidades multidisciplinares

- Artes e Humanidades I: Formación e orientación laboral (50,0%) no Grao en Xeografía e Historia.
- Artes e Humanidades II: Formación e orientación laboral (60,0%) no Grao en Tradución e Interpretación (Galego-Inglés) e idiomas (82,9%) no Grao en Linguas Estranxeiras.
- Tecnolóxico: Idiomas en Enxeñaría en Automática e Electrónica Industrial (100,0%) e no Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais (66,7%) e administración de empresas (50,0%) no Grao en Enxeñaría en Organización Industrial.

### 2.1.1.3 Habilidades comportamentais

Tecnolóxico: Enxeñaría de Organización Industrial (60,0%).

## 2.1.2 Materias con predominio masculino

Alén das titulacións referidas na epígrafe 2, a mostra obtida está formada integramente por homes entre as persoas tituladas no Grao en Enxeñaría Eléctrica.

### 2.1.2.1 Habilidades técnicas

- Artes e Humanidades II: Tradución especializada no Grao en Tradución e Interpretación Galego-Inglés (66,7%) e na Licenciatura en Tradución e Interpretación (62,5%), dereito e turismo (50,0% ambas) no Grao en Linguas Estranxeiras e localización (50,0%) na

Licenciatura en Tradución e Interpretación (Galego-Inglés).

- Ciencias da Saúde: Especialidades de enfermaría (50,0%) na Diplomatura en Enfermería.
- Científico: Xestión ambiental e ecoloxía (100,0% ambas) no Grao en Ciencias Ambientais, matemáticas (50,0%) no Grao en Ciencias do Mar, bioloxía e conservación ambiental (50,0% ambas) no Grao en Ciencias ambientais e química orgánica (50,0%) no Grao en Química.
- Tecnolóxico: Sistemas electrónicos (100,0%) en Enxeñaría en Automática e Electrónica Industrial, electrotecnia no Grao en Enxeñaría Eléctrica (83,3%) e en Enxeñaría en Automática e Electrónica Industrial (66,7%); software CAD, fitosanitarios e xestión de datos (66,7% cada unha) no Grao en Enxeñaría Agraria, enxeñaría de software (66,7%) en Enxeñaría en Automática e Electrónica Industrial, administración de empresas (60,0%) no Grao en Enxeñaría en Química Industrial, redes eléctricas (50,0%) no Grao en Enxeñaría Eléctrica, linguaxes de programación e sistemas informáticos (50,0% cada unha) no Grao en Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática, xestión de datos (50,0%) no Grao en Enxeñaría en Organización Industrial e programación Web nos graos en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais e en Enxeñaría Informática (50,0% ambos).
- Xurídico-Social II: Dereito do traballo no Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (100,0%) e na Diplomatura en Graduado Social (50,0%), dereito administrativo e outras especialidades de dereito (50,0% ambas) no Grao en Dereito, administración de empresas e xestión de recursos humanos (50,0% ambas) no Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos.
- Xurídico-Social III: Intervención no traballo social (100,0%) no Grao en Traballo Social, innovación educativa (60,0%) no Grao en Educación Infantil, psicoloxía (50,0%) na Diplomatura en Mestre/a de Lingua Estranxeira e outros servizos de saúde (50,0%) no Grao en Traballo Social.

### 2.1.2.2 Habilidades multidisciplinares

- Artes e Humanidades I: Formación e orientación laboral (100,0%) no Grao en Xeografía e Historia.
- Artes e Humanidades II: Formación e orientación laboral (50,0%) na Licenciatura en Tradución e Interpretación (Galego-Inglés) e idiomas (100,0%) no Grao en Tradución e Interpretación (Español-Francés).
- Científico: Prácticas en empresas (50,0%) no Grao en Química.
- Xurídico-Social I: Idiomas, formación e orientación laboral e informática (50,0% cada unha) no Grao en Comercio.
- Xurídico-Social II: Formación e orientación laboral (50,0%) no Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos.



- Xurídico-Social III: Idiomas e prácticas en empresas (50,0% ambas) no Grao en Traballo Social.
- Xurídico-Social IV: Prácticas en empresas (66,7%) no Grao en Turismo.

### 2.1.2.3 Habilidades comportamentais

- Tecnolóxico: Enxeñaría de Organización Industrial (66,7%).
- Xurídico-Social I: Grao en Comercio (100,0%).
- Xurídico-Social II: Grao en Dereito (66,7%).
- Xurídico-Social III: Grao en Traballo Social (50,0%).

### 2.1.3 Materias paritarias

Este apartado mostra as necesidades formativas complementarias de perfil paritario; isto é, nas que a diferenza de proporción interxénero é igual ou inferior a dous puntos porcentuais.

#### 2.1.3.1 Habilidades técnicas

- Artes e Humanidades I: Deseño e produción artística no Grao e Licenciatura en Belas Artes, software de deseño gráfico e edición e pintura no Grao en Belas Artes.
- Artes e Humanidades II: Fiscalidade na Licenciatura en Tradución e Interpretación (Galego-Inglés).
- Ciencias da Saúde: Especialidades de enfermaría, mestrado universitario, investigación e sanidade na Diplomatura en Enfermaría e fisioterapia deportiva na Diplomatura en Fisioterapia.
- Científico: Industria alimentar na Licenciatura en Ciencias Químicas, investigación nas licenciaturas en Bioloxía e Química, bioinformática na Licenciatura en Bioloxía, xestión da calidade na Licenciatura en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, linguaxes de programación na Licenciatura en Física e oceanografía na Licenciatura en Ciencias do Mar.
- Tecnolóxico: Construción en Enxeñaría Técnica Forestal, marketing en Enxeñaría de Telecomunicación, procesos industriais en Enxeñaría Industrial, investigación en Enxeñaría Técnica Forestal, mecánica en Enxeñaría Técnica Industrial-Mecánica, sistemas intelixentes en Enxeñaría Técnica Industrial e Enxeñaría Industrial, valoracións e topografía en Enxeñaría Técnica Agrícola, lóxística en Enxeñaría Técnica Industrial e Enxeñaría Industrial, electrónica en Enxeñaría Técnica Industrial-Electricidade, produción lean en Enxeñaría Industrial, xestión de recursos humanos en Enxeñaría de Telecomunicación, Enxeñaría Técnica Industrial e Enxeñaría Industrial, química xeral en Enxeñaría Técnica Agrícola, software especializado nas enxeñarías técnicas Agrícola e Forestal, redes de

comunicación en Enxeñaría de Telecomunicación, organización de empresas en Enxeñaría Técnica Industrial e Enxeñaría Técnica Industrial-Mecánica, dereito en Enxeñaría de Minas, linguaxes de programación en Enxeñaría Informática, servizos telemáticos en Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión, procesos industriais en Enxeñaría Técnica Industrial, prevención de riscos profesionais en Enxeñaría de Minas e Enxeñaría Técnica Industrial, manutención en Enxeñaría Técnica Industrial-Electricidade, automatización industrial en Enxeñaría Industrial, finanzas en Enxeñaría de Telecomunicación, prevención de incendios forestais en Enxeñaría Técnica Forestal, ciberseguranza e tecnoloxías emerxentes en Enxeñaría de Telecomunicación e computación distribuída en Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión.

- Xurídico-Social I: Xestión comercial na Licenciatura en Economía e na Diplomatura en Ciencias Empresariais, dereito na Licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais (Sección Empresariais), contabilidade nas licenciaturas en Ciencias Económicas e Empresariais (Sección Empresariais) e en Economía; auditoría, economía mundial e política económica no Grao en Economía, outras especialidades do Dereito e dereito económico na Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas, recursos humanos na Diplomatura en Ciencias Empresariais e na Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas, economía financeira na Licenciatura en Economía, dereito administrativo na Licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais (Sección Económicas) e comercio internacional na Licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais (Sección Empresariais).
- Xurídico-Social II: Administración pública na Diplomatura en Xestión e Administración Pública, contabilidade na Licenciatura en Dereito (Rama Xeral) e na Diplomatura en Graduado Social, fiscalidade na Licenciatura en Dereito (Rama Xeral), dereito administrativo na Licenciatura en Dereito (Rama Económico-Empresarial), outras especialidades de Dereito na Licenciatura en Dereito (Rama Xeral), práctica laboral na Diplomatura en Relacións Laborais, práctica xurídica/avogacía na Licenciatura en Dereito (Rama Económico-Empresarial) e na Diplomatura en Graduado Social e xestión de recursos humanos na Diplomatura en Graduado Social e Licenciatura en Dereito (Rama Económico-Empresarial).
- Xurídico-Social III: Atención á deficiencia na Diplomatura en Mestre/a de Educación Especial, educación na Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte e na Diplomatura en Mestre/a de Educación Física, pedagogía na Licenciatura en Psicopedagogía e na Diplomatura en Mestre/a de Educación Física, nutrición e alto rendemento deportivo na Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, necesidades educativas especiais na Diplomatura en Profesorado de EXB, didáctica na Diplomatura en Mestre/a de Educación Infantil, mediación e xestión do conflito na Licenciatura en Psicopedagogía, novas tecnoloxías docentes na Diplomatura en Mestre/a de Educación Especial, educación social no ámbito familiar na Diplomatura en Educación Social, necesidades específicas de apoio educativo na Diplomatura en Mestre/a de Educación Física e dereito educativo e psicoloxía na Diplomatura en Mestre/a de Educación Primaria.

- Xurídico-Social IV: Redes sociais na Licenciatura en Publicidade e Relacións Públicas, xestión hostaleira na Diplomatura en Turismo, realización audiovisual na Licenciatura en Comunicación Audiovisual e planeamento de medios no Grao en Publicidade e Relacións Públicas.

### 2.1.3.2 Habilidades multidisciplinares

- Artes e Humanidades I: Informática na Licenciatura de Belas Artes e novas tecnoloxías no Grao de Belas Artes.
- Artes e Humanidades II: Administración de empresas na Licenciatura en Tradución e Interpretación (Galego-Inglés) e na Licenciatura en Tradución e Interpretación (Español-Inglés), informática na Licenciatura en Tradución e Interpretación (Galego-Inglés), idiomas na Licenciatura en Filoloxía Galega e matemáticas na Licenciatura en Filoloxía Inglesa.
- Ciencias da Saúde: Matemáticas na Diplomatura en Enfermería.
- Científico: Matemáticas nas licenciaturas en Ciencias do Mar e en Física, novas tecnoloxías nas licenciaturas en Bioloxía e Ciencias do Mar, emprendemento nas licenciaturas en Bioloxía e Ciencias Químicas, informática na Licenciatura en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, prácticas en empresas na Licenciatura en Ciencias do Mar, formación e orientación laboral nas licenciaturas en Ciencias do Mar e en Ciencias Químicas e idiomas na Licenciatura en Ciencias Químicas e no Grao en Bioloxía.
- Tecnolóxico: Formación e orientación laboral en Enxeñaría Técnica forestal, Enxeñaría de Minas, Enxeñaría Industrial, Enxeñaría Técnica Industrial-Electrónica Industrial e Enxeñaría Técnica Industrial-Electricidade, novas tecnoloxías en Enxeñaría de Telecomunicación e Enxeñaría Técnica Forestal, idiomas en Enxeñaría de Telecomunicación e Enxeñaría Informática, administración de empresas en Enxeñaría de Telecomunicación, informática en Enxeñaría Técnica Industrial, Enxeñaría de Telecomunicación, Enxeñaría Técnica Industrial-Electrónica Industrial, Enxeñaría Técnica Agrícola e Enxeñaría Técnica Forestal, emprendemento en Enxeñaría Técnica Industrial, Enxeñaría Técnica Industrial-Mecánica, Enxeñaría en Informática e Enxeñaría de Minas, matemáticas en Enxeñaría en Informática, Enxeñaría de Telecomunicación, Enxeñaría Técnica Agrícola e Enxeñaría Industrial, novas tecnoloxías en Enxeñaría Industrial e Enxeñaría de Minas e prácticas en empresas en Enxeñaría en Informática.
- Xurídico-Social I: Emprendemento na Diplomatura en Ciencias Empresariais, licenciaturas en Administración e Dirección de Empresas e en Ciencias Económicas e Empresariais (Sección Empresariais), formación e orientación laboral nas licenciaturas en Economía, Administración e Dirección de Empresas e en Ciencias Económicas e Empresariais (Sección Empresariais) e na Diplomatura en Ciencias Empresariais, matemáticas na Licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais (Sección Empresariais) e na Diplomatura en Ciencias Empresariais, prácticas en empresas na Licenciatura en Ciencias

Económicas e Empresariais (Sección Empresariais), informática nas licenciaturas en Ciencias Empresariais (Sección Empresariais) e en Economía e na Diplomatura en Ciencias Empresariais, novas tecnoloxías nas licenciaturas en Economía e en Ciencias Económicas e Empresariais (Sección Empresariais) e idiomas na Licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais (Sección Empresariais).

- Xurídico-Social II: Formación e orientación laboral na Diplomatura en Xestión e Administración Pública e na Licenciatura en Dereito (Rama Xeral), informática na Licenciatura en Dereito (Rama Económico-Empresarial), emprendemento nas licenciaturas en Dereito (Rama Económico-Empresarial) e en Dereito (Rama Xeral), prácticas en empresas nas licenciaturas en Dereito Rama Económico-Empresarial e Rama Xeral, administración de empresas e idiomas na Diplomatura en Relacións Laborais.
- Xurídico-Social III: Formación e orientación laboral na Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, Grao en Educación Primaria e Diplomatura en Profesorado de EXB; idiomas, matemáticas e emprendemento na Diplomatura en Mestre/a de Educación Primaria, practicum na Licenciatura en Psicopedagogía e Grao en Educación Infantil e informática na Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte.
- Xurídico-Social IV: Formación e orientación laboral na Licenciatura en Publicidade e Relacións Públicas, novas tecnoloxías na Licenciatura en Comunicación Audiovisual e idiomas no Grao en Publicidade e Relacións Públicas.

### 2.1.3.3 Habilidades comportamentais

- Artes e Humanidades II: Licenciatura en Filoloxía Hispánica.
- Ciencias da Saúde: Diplomatura en Enfermaría.
- Tecnolóxico: Enxeñaría de Telecomunicación, Enxeñaría Técnica Industrial-Química Industrial, Enxeñaría Técnica Industrial, Enxeñaría Técnica Industrial-Mecánica, Enxeñaría Técnica Forestal, Enxeñaría Técnica Industrial-Electricidade e Enxeñaría Técnica de Telecomunicación-Son e Imaxe.
- Xurídico-Social I: Licenciatura en Economía.
- Xurídico-Social II: Diplomatura en Relacións Laborais e na Licenciatura en Dereito (Rama Económico-Empresarial).
- Xurídico-Social III: Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte e Diplomatura en Mestre/a de Educación Primaria.

## 2.2 Especialización profesional transmisíbel

### 2.2.1 Materias con predominio feminino

Alén das materias referidas na epígrafe 2, a mostra obtida está formada integramente por mulleres no caso dos graos en Comercio, Educación Social, Consultoría e Xestión da Información, Linguas Estranxeiras e en Tradución e Interpretación (Galego-Inglés).

#### 2.2.1.1 Habilidades técnicas

- Artes e Humanidades I: Historia (50,0%) no Grao en Xeografía e Historia.
- Artes e Humanidades II: Idiomas nos graos en Tradución e Interpretación Español-Francés (100,0%) e en Linguas Estranxeiras (57,2%) e na Licenciatura en Tradución e Interpretación Galego-Inglés (53,7%), ferramentas CAT (57,1%) no Grao en Tradución e Interpretación (Galego-Inglés), literatura (50,0%) no Grao en Estudos de Galego e Español; docencia, literatura española e tradución especializada (50,0% cada un) no Grao en Tradución e Interpretación (Español-Francés), corrección de textos e tradución especializada (50,0% ambas) na Licenciatura en Tradución e Interpretación (Galego-Francés).
- Ciencias da Saúde: Especialidades de enfermaría no Grao e Diplomatura en Enfermaría (76,5% e 70,6%, respectivamente) e fisioterapia especializada (60,0%) na Diplomatura en Fisioterapia.
- Científico: Tecnoloxía alimentar (100,0%) no Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, xestión ambiental (75,0%) no Grao en Ciencias Ambientais, química analítica (75,0%) no Grao en Química, oceanografía (66,7%) no Grao en Ciencias do Mar, zooloxía e técnicas de laboratorio (50,0% ambas) no Grao en Bioloxía, microbioloxía (50,0%) no Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, bioloxía (50,0%) no Grao en Ciencias do Mar, xestión da calidade (50,0%) no Grao en Ciencias Ambientais e química xeral (50,0%) no Grao en Química.
- Tecnolóxico: Procesos químicos-industriais (150,0%) no Grao en Enxeñaría en Química Industrial, enxeñaría térmica (100,0%) no Grao en Enxeñaría da Enerxía, linguaxes de programación e automatización industrial (100,0% ambas) no Grao en Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática, lóxística (100,0%) no Grao en Enxeñaría en Organización Industrial, industrias forestais (100,0%) no Grao en Enxeñaría Forestal, enxeñaría de control (100,0%) en Enxeñaría en Automática e Electrónica Industrial, redes de comunicación (100,0%) e servizos de telecomunicación (66,7%) en Enxeñaría Técnica de Telecomunicación (Sistemas de Telecomunicación), bioenxeñaría (75,0%) no Grao en Enxeñaría en Química Industrial, procesado de sinal (66,7%) no Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación, instalacións e enerxías renovábeis (62,5% ambas) en Enxeñaría Técnica Industrial-Electricidade, xestión ambiental (51,9%) en Enxeñaría Técnica Forestal, enerxías renovábeis e eficiencia enerxética (50,0% ambas) no Grao en Enxeñaría da Enerxía; explosivos, matemáticas, mecánica de fluídos, soldadura e termodinámica (50,0%

cada unha) no Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, programación web e software CAD 3D (50,0% ambas) no Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais, produción Lean e xestión da calidade (50,0% cada unha) en Enxeñaría de Organización Industrial.

- Xurídico-Social I: Contabilidade nos graos en Administración e Dirección de Empresas (61,3%) e en Economía (60,0%) e matemáticas (60,0%) no Grao en Economía.
- Xurídico-Social II: Dereito administrativo (70,5%) no Grao en Dirección e Xestión Pública, dereito do traballo (57,2%) no Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos, xestión de recursos humanos (50,0%) na Diplomatura en Graduado Social, dereito mercantil (50,0%) no Grao en Dereito e outras especialidades do dereito (50,0%) no Grao en Dirección e Xestión Pública.
- Xurídico-Social III: Servizos sociais públicos (100,0%) no Grao en Traballo Social, intervención en educación social (69,3%) no Grao en Educación Social, necesidades educativas especiais (51,1%) na Diplomatura en Mestre/a de Educación Especial, docencia (51,1%) na Diplomatura en Profesorado de EXB e especialidades deportivas (50,0%) no Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte.
- Xurídico-Social IV: Produción audiovisual (54,3%) na Licenciatura en Comunicación Audiovisual e xestión hostaleira (50,0%) na Diplomatura en Turismo.

### **2.2.1.2 Habilidades multidisciplinares**

- Artes e Humanidades I: Idiomas (50,0%) no Grao en Xeografía e Historia.
- Tecnolóxico: Administración de empresas en Enxeñaría de Organización Industrial e idiomas (100,0%) no Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais.
- Xurídico-Social II: Formación e orientación laboral (50,0%) na Diplomatura en Graduado Social.
- Xurídico-Social III: Idiomas (86,7%) na Diplomatura en Mestre/a de Lingua Estranxeira.
- Xurídico-Social IV: Idiomas (50,0%) no Grao en Turismo.

### **2.2.1.3 Habilidades comportamentais**

- Artes e Humanidades II: Grao en Estudos de Galego e Español (50,0%).
- Tecnolóxico: Enxeñaría de Organización Industrial (50,0%).

## 2.2.2 Materias con predominio masculino

Alén das materias referidas na epígrafe 2, a mostra obtida está formada integramente por homes entre as persoas tituladas nos graos en Enxeñaría Agraria, Enxeñaría Eléctrica, Enxeñaría Informática e en Enxeñaría Mecánica.

### 2.2.2.1 Habilidades técnicas

- Artes e Humanidades I: Historia no Grao en Xeografía e Historia (100,0%) e na Licenciatura en Historia (50,0%)
- Artes e Humanidades II: Localización e tradución audiovisual (100,0% ambas) no Grao en Tradución e Interpretación (Español-Ingles), tradución especializada nas licenciaturas en Tradución e Interpretación (71,5%) e en Tradución e Interpretación Español-Francés (50,0%), tradución e interpretación (50,0% ambas) na Licenciatura en Tradución e Interpretación (Español-Ingles).
- Ciencias da Saúde: Especialidades de enfermaría no Grao e Diplomatura de Enfermería (100,0% e 73,4%, respectivamente), fisioterapia especializada e xeral (50,0% ambas) na Diplomatura en Fisioterapia.
- Científico: Tecnoloxía alimentar, procesos da industria alimentar e química analítica (100,0% cada unha) no Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, ecoloxía e conservación da biodiversidade (100,0% cada unha) no Grao en Ciencias Ambientais, oceanografía (75,0%) no Grao en Ciencias do Mar, física (73,4%) na Licenciatura en Física; química analítica, química orgánica e xestión ambiental (66,7% cada unha) no Grao en Química, química xeral (55,5%) na Licenciatura en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, modelización oceánica (50,0%) no Grao en Ciencias do Mar e prevención de riscos profesionais (50,0%) na Licenciatura en Ciencias Químicas.
- Tecnolóxico: Produción lean (100,0%) no Grao en Enxeñaría en Organización Industrial, electrotecnia e sistemas electrónicos (100,0% ambos) en Enxeñaría en Automática e Electrónica Industrial, linguaxes de programación e enxeñaría de sistemas (75,0% ambas) no Grao en Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática, xestión ambiental (75,0%) no Grao en Enxeñaría Forestal, enxeñaría térmica e enerxías renovábeis (71,5%) no Grao en Enxeñaría da Enerxía, linguaxes de programación (66,7%) no Grao en Enxeñaría Informática, instalacións eléctricas e redes eléctricas (50,0% ambas) no Grao en Enxeñaría Eléctrica; manutención, organización industrial e organización e xestión da produción (50,0% cada unha) no Grao en Enxeñaría en Organización Industrial, procesos industriais e sistemas eléctricos (50,0% cada unha) no Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais e construción (50,0%) no Grao en Enxeñaría Forestal.
- Xurídico-Social I: Contabilidade no Grao en Economía (87,5%) e na Licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais-Sección Empresariais (57,2%) e finanzas (50,0%) no Grao en Economía.

- Xurídico-Social II: Dereito do traballo (100,0%) no Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos, xestión de recursos humanos nos graos en Dirección e Xestión Pública (75,0%) e en Relacións Laborais e Recursos Humanos (50,0%), dereito administrativo (71,5%) no Grao en Dereito, xestión administrativa (50,0%) no Grao en Dirección e Xestión Pública e matemáticas (50,0%) no Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos.
- Xurídico-Social III: Saúde (100,0%) no Grao en Traballo Social, necesidades educativas especiais (80,0%) na Diplomatura en Mestre/a de Educación Especial, novas tecnoloxías docentes (66,6%) no Grao en Educación Infantil, atención á deficiencia (60,0%) na Diplomatura en Mestre/a de Educación Especial, programación didáctica (60,0%) na Diplomatura en Mestre/a de Lingua Estranxeira, especialidades deportivas (55,7%) no Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte e docencia (50,0%) na Diplomatura en Mestre/a de Educación Física.
- Xurídico-Social IV: Xestión hostaleira (100,0%) no Grao en Turismo, produción e posprodución audiovisual (50,0% ambas) no Grao en Comunicación Audiovisual; planificador de medios, xestión de redes sociais e deseño gráfico (50,0% cada unha) no Grao en Publicidade e Relacións Públicas e atención ao cliente (50,0%) no Grao en Turismo.

### 2.2.2.2 Habilidades multidisciplinares

- Artes e Humanidades II: Novas tecnoloxías (100,0%) no Grao en Estudos de Galego e Español, informática (50,0%) no Grao en Tradución e Interpretación (Español-Ingles), formación e orientación laboral (50,0%) na Licenciatura en Tradución e Interpretación (Español-Francés) e emprendemento (50,0%) na Licenciatura en Tradución e Interpretación (Español-Ingles).
- Tecnolóxico: Administración de empresas (50,0%) no Grao en Enxeñaría en Organización Industrial e informática (50,0%) no Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais.
- Xurídico-Social II: Idiomas (50,0%) no Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos.
- Xurídico-Social III: Prácticas en empresas (100,0%) no Grao en Traballo Social.

### 2.2.2.3 Habilidades comportamentais

- Tecnolóxico: Grao en Enxeñaría Forestal (50,0%).
- Xurídico-Social II: Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (100,0%).
- Xurídico-Social III: Grao en Traballo Social (100,0%).



### 2.2.3 Materias paritarias

Este apartado mostra as necesidades formativas complementarias de perfil paritario; isto é, nas que a diferenza de proporción interxénero é igual ou inferior a dous puntos porcentuais.

#### 2.2.3.1 Habilidades técnicas

- Artes e Humanidades I: Produción artística na Licenciatura en Belas Artes e deseño téxtil e moda no Grao en Belas Artes.
- Ciencias da Saúde: Psicoloxía na Diplomatura en Enfermaría.
- Tecnolóxico: Xeotecnia en Enxeñaría de Minas, enerxía eléctrica e redes eléctricas en Enxeñaría Técnica Industrial-Electricidade, ciberseguranza en Enxeñaría en Informática, organización de empresas en Enxeñaría Industrial e Enxeñaría Técnica Industrial-Mecánica e produción lean en Enxeñaría Industrial.
- Xurídico-Social I: Auditoría na Licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais-Sección Empresariais, banca na Licenciatura en Economía e estratexia empresarial na Licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais (Sección Empresariais).
- Xurídico-Social II: Administración pública na Licenciatura en Dereito, relacións laborais na Diplomatura en Relacións Laborais, dereito internacional no Grao en Dereito e dereito procesual na Licenciatura en Dereito (Rama Xeral).
- Xurídico-Social III: Didáctica na Licenciatura en Psicopedagogía, necesidades educativas especiais na Diplomatura en Profesorado de EXB e organización de actividades recreativas na Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte.
- Xurídico-Social IV: Comunicación e marketing dixital na Licenciatura en Publicidade e Relacións Públicas.

#### 2.2.3.2 Habilidades multidisciplinares

- Artes e Humanidades I: Formación e orientación laboral na Licenciatura en Belas Artes, idiomas no Grao e Licenciatura en Belas Artes, administración de empresas no Grao e Licenciatura en Belas Artes, novas tecnoloxías e informática na Licenciatura en Belas Artes.
- Artes e Humanidades II: Prácticas en empresas na Licenciatura en Tradución e Interpretación e idiomas na Licenciatura en Filoloxía Inglesa.
- Científico: Idiomas na Licenciatura en Bioloxía, prácticas en empresas nas licenciaturas en Bioloxía e en Ciencias do Mar, formación e orientación laboral na Licenciatura en Bioloxía e novas tecnoloxías na Licenciatura en Ciencias do Mar.

- Tecnolóxico: Idiomas en Enxeñaría de Telecomunicación, emprendemento en Enxeñaría de Minas e Enxeñaría Técnica Industrial-Electrónica Industrial, informática e prácticas en empresas en Enxeñaría de Minas e novas tecnoloxías en Enxeñaría Técnica Industrial-Electrónica Industrial.
- Xurídico-Social I: Matemáticas na Diplomatura en Ciencias Empresariais.
- Xurídico-Social II: Novas tecnoloxías na Licenciatura en Dereito (Rama Económico-Empresarial) e na Diplomatura en Relacións Laborais, formación e orientación laboral na Diplomatura en Relacións Laborais e na Licenciatura en Dereito (Rama Económico-Empresarial), emprendemento na Diplomatura en Relacións Laborais e no Grao en Dereito.
- Xurídico-Social III: Emprendemento e informática na Diplomatura en Traballo Social.

### **2.2.3.3 Habilidades comportamentais**

- Artes e Humanidades I: Grao en Belas Artes.
- Xurídico-Social II: Grao en Dereito.

## **3. Análise temporal por quinquenios**

Este apartado analiza a evolución temporal das materias/temáticas que constitúen as necesidades formativas complementarias e a especialización profesional transmisíbel. En ambos casos a análise diferencia aquelas materias/temáticas que presentan unha evolución crecente das que diminuíron proporcionalmente, mostrando as conclusións das habilidades consideradas neste estudo (técnicas, multidisciplinares e comportamentais) por ámbitos académicos.

### **3.1 Necesidades formativas complementarias**

#### **3.1.1 Materias que presentan unha evolución crecente**

##### **3.1.1.1 Habilidades técnicas**

- Artes e Humanidades I: Deseño gráfico no Grao en Belas Artes.
- Artes e Humanidades II: Lingua galega na Licenciatura en Tradución e Interpretación (Galego-Francés), localización nas licenciaturas en Tradución e Interpretación (Galego-Inglés) e en Tradución e Interpretación (Español-Inglés) e interpretación na Licenciatura en Tradución e Interpretación (Español-Inglés).
- Ciencias da Saúde: Fisioterapia neurolóxica na Diplomatura e Grao en Fisioterapia, fisioterapia respiratoria e investigación na Diplomatura en Fisioterapia.

- Científico: Física xeral na Licenciatura en Física e química analítica na Licenciatura en Química.
- Tecnolóxico: Redes eléctricas, automatización industrial, instalacións, electrotecnia en Enxeñaría Técnica Industrial-Electricidade, prevención de incendios forestais en Enxeñaría Técnica Forestal, prevención de riscos profesionais e xestión ambiental en Enxeñaría de Minas, análise estrutural en Enxeñaría Industrial; soldadura, produción lean, xestión de proxectos, debuxo técnico, ciencia de materiais, enerxía, software industrial especializado e tecnoloxías emerxentes en Enxeñaría Técnica Industrial-Mecánica, manutención industrial en Enxeñaría Técnica Industrial-Electrónica Industrial, sistemas electrónicos en Enxeñaría en Automática e Electrónica Industrial e redes de comunicación en Enxeñaría Técnica de Telecomunicación (Sistemas de Telecomunicación).
- Xurídico-Social I: Software especializado na Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas, recursos humanos nas seccións de Empresariais e Económicas das licenciaturas en Ciencias Económicas e Empresariais, marketing e fiscalidade na Licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais (Sección Económicas),
- Xurídico-Social II: Loxística e transporte na Licenciatura en Dereito, outras especialidades do dereito na Licenciatura en Dereito (Rama Económico-Empresarial), práctica xurídica/avogacía na Licenciatura en Dereito (Rama Xeral), dereito mercantil na Licenciatura en Dereito (Rama Económico-Empresarial), fiscalidade na Diplomatura en Xestión e Administración Pública e prevención de riscos profesionais na Diplomatura en Graduado Social.
- Xurídico-Social III: Xestión deportiva na Diplomatura en Mestre/a de Educación Física, nutrición na Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, necesidades educativas especiais na Licenciatura en Psicopedagogía, atención a inmigrantes/servizos sociais e igualdade de xénero/servizos sociais na Diplomatura en Traballo Social,
- Xurídico-Social IV: Recursos turísticos e software especializado na Diplomatura en Turismo, posproducción audiovisual na Licenciatura en Comunicación Audiovisual e xestión web na Licenciatura en Publicidade e Relacións Públicas.

### 3.1.1.2 Habilidades multidisciplinares

- Artes e Humanidades I: Administración de empresas na Licenciatura en Belas Artes.
- Artes e Humanidades II: Formación e orientación laboral nas licenciaturas en Tradución e Interpretación en Español-Inglés e Español-Francés, informática na Licenciatura en Tradución e Interpretación (Español-Inglés) e prácticas en empresas na Licenciatura en Tradución e Interpretación (Galego-Inglés).
- Ciencias da Saúde: Formación e orientación laboral na Diplomatura en Enfermaría.

- Científico: Prácticas en empresas na Licenciatura en Ciencias Químicas e idiomas na Licenciatura en Ciencias do Mar.
- Tecnolóxico: Novas tecnoloxías en Enxeñaría Técnica Industrial-Electricidade.
- Xurídico-Social I: Informática nas licenciaturas en Economía, Ciencias Económicas e Empresariais (Sección Económicas) e Administración e Dirección de Empresas, matemáticas nas licenciaturas en Economía e Administración e Dirección de Empresas, novas tecnoloxías e administración de empresas na Licenciatura en Economía, prácticas en empresas nas licenciaturas en Economía e Administración e Dirección de Empresas e formación e orientación laboral na Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas.
- Xurídico-Social II: Administración de empresas na Licenciatura en Dereito (Rama Económico-Empresarial), novas tecnoloxías na Diplomatura en Graduado Social, formación e orientación laboral na Licenciatura en Dereito (Rama Xeral) e prácticas en empresas na Diplomatura en Graduado Social.
- Xurídico-Social III: Practicum na Diplomatura en Traballo Social e formación e orientación laboral na Licenciatura en Psicopedagogía.
- Xurídico-Social IV: Informática na Licenciatura en Publicidade e Relacións Públicas e prácticas en empresas na Licenciatura en Comunicación Audiovisual.

### **3.1.1.3 Habilidades comportamentais**

- Xurídico-Social II: Técnicas de comunicación na Licenciatura en Dereito (Rama Económico-Empresarial).
- Xurídico-Social III: Licenciatura en Psicopedagogía.

## **3.1.2 Materias que presentan unha evolución decrecente**

### **3.1.2.1 Habilidades técnicas**

- Artes e Humanidades II: Corrección de textos na Licenciatura en Tradución e Interpretación (Galego-Francés), dereito na Licenciatura en Tradución e Interpretación (Español-Francés), ferramentas CAT nas licenciaturas en Tradución e Interpretación e Tradución e Interpretación (Galego-Francés), inglés na Licenciatura en Filoloxía Inglesa, interpretación especializada e lingua española na Licenciatura en Tradución e Interpretación (Galego-Francés) e localización na Licenciatura en Tradución e Interpretación.
- Científico: Ciencias de materiais e produción lean na Licenciatura en Ciencias Químicas, enerxía na Licenciatura en Física, produción lean e tecnoloxía na Licenciatura en Química.
- Tecnolóxico: Construción en Enxeñaría Técnica Industrial, dereito en Enxeñaría de Minas, ordenamento do territorio en Enxeñaría Técnica Forestal e valoracións e topografía en Enxeñaría Técnica Agrícola.

- Xurídico-Social I: Administración pública, banca, economía financeira e xestión comercial na Licenciatura en Economía, auditoría na Licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais (Sección Empresariais) e outras especialidades de dereito na Licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais (Sección Económicas).
- Xurídico-Social II: Administración pública na Diplomatura en Xestión e Administración Pública, arbitraje e mediación na Licenciatura en Dereito, dereito administrativo na Diplomatura en Graduado Social e na Licenciatura en Dereito, dereito mercantil e dereito penal na Licenciatura en Dereito, dereito procesual na Diplomatura en Graduado Social, marketing na Licenciatura en Dereito (Rama Económico-Empresarial), outras especialidades de dereito na Licenciatura en Dereito e práctica xurídica na Diplomatura en Graduado Social.
- Xurídico-Social III: Atención á deficiencia na Diplomatura en Mestre/a de Educación Especial, educación social no ámbito familiar e xestión de recursos humanos na Diplomatura en Educación Social e proxectos educativos na Diplomatura en Mestre/a de Educación Musical
- Xurídico-Social IV: Marketing na Diplomatura en Turismo.

### 3.1.2.2 Habilidades multidisciplinares

- Artes e Humanidades II: Administración de empresas na Licenciatura en Tradución e Interpretación, idiomas na Licenciatura en Tradución e Interpretación (Galego-Francés), novas tecnoloxías nas licenciaturas en Filoloxía Inglesa, Tradución e Interpretación (Español-Francés) e Tradución e Interpretación (Galego-Inglés) e prácticas en empresas nas licenciaturas en Tradución e Interpretación, Tradución e Interpretación (Español-Francés) e Tradución en Interpretación (Galego-Francés).
- Ciencias da Saúde: Administración de empresas e matemáticas no Grao en Fisioterapia.
- Científico: Informática e matemáticas na Licenciatura en Física e prácticas en empresas na Licenciatura en Química.
- Tecnolóxico: Idiomas en Enxeñaría en Organización Industrial e Enxeñaría en Automática e Electrónica Industrial, informática en Enxeñaría Técnica Industrial-Mecánica, novas tecnoloxías en Enxeñaría en Informática e prácticas en empresas en Enxeñaría Técnica de Telecomunicación (Sistemas de Telecomunicación).
- Xurídico-Social I: Emprendemento na Licenciatura en Economía e novas tecnoloxías na Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas.
- Xurídico-Social II: Emprendemento na Diplomatura en Graduado Social e na Licenciatura en Dereito (Rama Económico-Empresarial), formación e orientación laboral nas diplomaturas en Xestión e Administración Pública e en Graduado Social, idiomas na Licenciatura en

Dereito (Rama Xeral) e prácticas en empresas na Diplomatura en Xestión e Administración Pública.

- Xurídico-Social III: Administración de empresas e novas tecnoloxías na Diplomatura en Educación Social.
- Xurídico-Social IV: Formación e orientación laboral, informática e novas tecnoloxías na Diplomatura en Turismo.

### **3.1.2.3 Habilidades comportamentais**

- Artes e Humanidades II: Licenciaturas en Tradución e Interpretación, Tradución e Interpretación (Español-Francés) e Tradución e Interpretación (Galego-Francés).
- Xurídico-Social II: Diplomatura en Xestión e Administración Pública.
- Xurídico-Social III: Diplomatura en Traballo Social.
- Xurídico-Social IV: Diplomatura en Turismo.

## **3.2 Especialización profesional transmisíbel**

### **3.2.1 Materias que presentan unha evolución crecente**

#### **3.2.1.1 Habilidades técnicas**

- Artes e Humanidades I: Deseño gráfico no Grao en Belas Artes.
- Artes e Humanidades II: Tradución especializada nas licenciaturas en Tradución e Interpretación Español-Inglés e Galego-Francés, tradución na Licenciatura en Tradución, tradución audiovisual na Licenciatura en Tradución e Interpretación (Galego-Inglés) e corrección de textos na Licenciatura en Tradución e Interpretación (Galego-Francés).
- Ciencias da Saúde: Posturoloxía na Diplomatura en Fisioterapia.
- Científico: Química industrial na Licenciatura en Ciencias Químicas; química xeral, química orgánica, xestión ambiental e prevención de riscos profesionais na Licenciatura en Química, química-física na Licenciatura en Física e química analítica na Licenciatura en Ciencias Químicas.
- Tecnolóxico: Química xeral en Enxeñaría Técnica Agrícola, linguaxes de programación en Enxeñaría de Telecomunicación e Enxeñaría en Informática; máquinas e maquinaria, ciencia de materiais, proxectos, software CAD e mecánica en Enxeñaría Técnica Industrial-Mecánica; enerxías renovábeis, enerxía eléctrica, manutención industrial e proxectos en Enxeñaría Técnica Industrial-Electricidade, software especializado en Enxeñaría de Minas, manutención industrial e soldadura en Enxeñaría Técnica Industrial-Química

Industrial, enxeñaría de control e sistemas electrónicos en Enxeñaría en Automática e Electrónica Industrial e en Enxeñaría Técnica Industrial-Electrónica Industrial, construción en Enxeñaría Técnica Industrial, sistemas informáticos en Enxeñaría Técnica Industrial-Electrónica Industrial e programación web en Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión.

- Xurídico-Social I: Comercio internacional na Licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais (Sección Económicas), xestión comercial e estratexia empresarial na Licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais (Sección Empresariais).
- Xurídico-Social II: Relacións laborais na Diplomatura en Graduado Social, dereito e atención ao cliente na Diplomatura en Xestión e Administración Pública, software especializado na Licenciatura en Dereito, outra especialidade do dereito e xestión de recursos humanos na Licenciatura en Dereito (Rama Económico-Empresarial) e prevención de riscos profesionais na Diplomatura en Graduado Social.
- Xurídico-Social III: Outras especialidades deportivas na Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, atención á muller/servizos sociais na Diplomatura en Traballo Social, psicomotricidade na Diplomatura en Mestre/a de Educación Infantil; educación social no ámbito da mediación, inserción socio laboral, animación sociocultural e educación no tempo libre na Diplomatura en Educación Social, necesidades específicas de apoio educativo e docencia na Diplomatura en Mestre/a de Educación Primaria,
- Xurídico-Social IV: Turismo cultural, axencia de viaxes e información turística na Diplomatura en Turismo, guiión audiovisual e xornalismo na Licenciatura en Comunicación Audiovisual.

### 3.2.1.2 Habilidades multidisciplinares

- Artes e Humanidades II: Idiomas na Licenciatura en Tradución e Interpretación (Español-Inglés).
- Científico: Formación e orientación laboral na Licenciatura en Ciencias do Mar.
- Tecnolóxico: Idiomas en Enxeñaría Técnica Industrial-Electrónica Industrial.
- Xurídico-Social I: Novas tecnoloxías e matemáticas na Licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais (Sección Económicas), administración de empresas na Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas.
- Xurídico-Social II: Administración de empresas na Licenciatura en Dereito e na Diplomatura en Graduado Social.
- Xurídico-Social III: Formación e orientación laboral na Diplomatura en Mestre/a de Educación Infantil.
- Xurídico-Social IV: Idiomas na Diplomatura en Turismo.

### 3.2.1.3 Habilidades comportamentais

- Xurídico-Social I: Licenciatura en Economía.
- Xurídico-Social II: Licenciaturas en Dereito e Dereito (Rama Económico-Empresarial).

## 3.2.2 Materias que presentan unha evolución decrecente

### 3.2.2.1 Competencias técnicas

- Artes e Humanidades II: Comercio internacional, xestión de proxectos e ferramentas CAT na Licenciatura en Tradución e Interpretación e interpretación especializada nas licenciaturas en Tradución e Interpretación Español-Francés e Galego-Francés.
- Ciencias da Saúde: Terapia miofacial na Diplomatura en Fisioterapia.
